



As empresas galegas poden optar ao distintivo de excelencia empresarial en igualdade entre homes e mulleres

6



Sae publicada a recompilación normativa da Consellería de Traballo e Benestar 2009, onde se poden consultar as disposicións publicadas no DOG durante 2009

11



Asinados os convenios de colaboración cos 18 concellos que forman parte do Programa Voluntariado Xacobeo 2010

- ▶ A través do acordo, as corporacións locais recibirán unha bolsa económica de ata un máximo de 8.000 euros para contribuír ao custo das tarefas de coordinación e mantemento que deberán levar a cabo
- ▶ A sinatura tivo lugar hoxe en Santiago nun acto no que a titular de Benestar estivo acompañada polo director xerente da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Ignacio Santos
- ▶ Os concellos servirán de enlace permanente tanto con Protección Civil e outras autoridades, así como coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

8

Feijóo adianta que a Xunta investirá 66,5 millóns de euros en políticas activas de emprego que permitirán contratar 9.500 persoas desempregadas

- ▶ A Xunta destinará 5 millóns de euros a programas integrados para o emprego, axudas dirixidas a corporacións locais e entidades sen ánimo de lucro que beneficiarán a 4.000 persoas
- ▶ Subvencionará a contratación de 1.400 persoas nas institucións galegas cun investimento de 24,6 millóns de euros
- ▶ Destinará 37 millóns de euros a programas mixtos de formación e emprego que promoverá a contratación doutras 4.000 persoas, unha orde de axudas que ten como novidade o reforzo da valoración dos proxectos sociais e como colectivo preferente as persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego.

2



Máis de 3.300 maiores poderán participar no programa de turismo social da Xunta que incrementa en 500 o número de prazas

INFORME DO PARO REXISTRADO

Galicia rexistrou en marzo un total de 236.449 persoas desempregadas, un 0,97 por cento máis que no mes anterior

- ▶ A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, explicou que o incremento con respecto a febreiro reduciuse á metade do que se rexistrou no mesmo período do ano anterior.

3

Sumario

Emprego-Formación	2-3	Xuventude	8-9
Seguridade e saúde laboral	4	Benestar	10
Igualdade	5	Publicacións	11
Dependencia	6-7	Normativa	11-22

A Xunta investirá 66,5 millóns de euros en políticas activas de emprego que permitirán contratar 9.500 persoas desempregadas

Santiago, 11 de marzo de 2010.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, avanzou que o Goberno que preside acaba de aprobar un investimento de 66,5 millóns de euros para poder contratar 9.500 persoas que perderon o seu emprego e que traballaban en distintos eidos, tanto das administracións públicas, como dos servizos sociais, as administracións locais ou outras entidades.

Segundo resaltou o mandatario galego na rolda de prensa posterior ao Consello da Xunta, trátase dun investimento que se dividirá en tres programas diferenciados. O primeiro deles, contará cun orzamento de 5 millóns de euros, entre este ano e o próximo, destinado a políticas activas de emprego e beneficiará a preto de 4.000 desempregados. Núñez Feijóo explicou que se trata de axudas dirixidas ás corporacións locais e ás entidades sen ánimo de lucro que poñan en práctica proxectos de formación, de orientación, de asesoramento e de práctica laboral e mobilidade xeográfica de persoas desempregadas.

A segunda liña, dotada con 24,6 millóns de euros, permitirá, segundo as previsións do Goberno galego, a contratación de 1.400 persoas ao longo deste ano. O xefe do Executivo autonómico indicou que se trata de programas "de cooperación para universidades e entidades sen ánimo de lucro, onde non poden participar as administracións locais" que permitirán contratar a 1.200 traballadores desempregados e a uns 200 axentes de emprego e unidades de apoio, como principais activos na implantación de políticas activas de emprego da Xunta.

A terceira das medidas abordadas no Consello da Xunta no ámbito laboral é unha partida de 37 millóns de euros que se destinará a programas mixtos de formación e emprego e que busca, en palabras de Núñez Feijóo, contratar a 4.000 persoas. Segundo salientou, trátase de programas que inclúen escolas obradoiro, casas de oficio, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desen-

volvermento. Neste sentido, destacou as dúas novidades que inclúe este programa: a primeira, dixo, consistente en reforzar a valoración dos proxectos sociais de tal xeito que, cando se presenten as iniciativas ante esta orde, se valorarán de forma "específica" os proxectos sociais, como o coidado da infancia, a prestación de servizos a domicilio a maiores ou persoas con discapacidade; a segunda novidade é que se inclúe, como colectivo "preferente" a aquelas persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego.

"En definitiva –destacou Feijóo–, imos proseguir hoxe cunha decisión máis (hai dúas semanas aprobamos 42 millóns de euros para contratar 4.000 persoas desempregadas) no ámbito do emprego, aprobando máis de 66 millóns de euros co obxectivo de conseguir 9.500 novos contratos para persoas desempregadas", agregou.

O DOG publica a orde de 24,6 millóns de euros que permitirá contratar 1.400 persoas nas institucións galegas

- ▶ Trátase da norma que regula os programas de cooperación institucional con órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro
- ▶ A previsión é que as preto de 400 entidades beneficiarias poderán contratar a 1.200 desempregados e a 200 axentes de emprego
- ▶ Primaranse os servizos de carácter social, así como os proxectos que acrediten un maior nivel de inserción laboral.

Santiago, 21 de marzo.- O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 54, do 22.03.2010) publicou a orde da Consellería de Traballo e Benestar dirixida á cooperación coas institucións galegas distintas da local, que subvencionará a contratación de ao redor de 1.400 persoas ao longo deste ano (1.200 desempregados e 200 axentes de emprego) a través dun investimento de 24,6 millóns de euros.

Esta orde, aprobada no Consello da Xunta do pasado 11 de marzo, ten como obxectivo regular as axudas e subvencións para o fomento do emprego, a través dos programas de cooperación cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro.

A previsión é que neste exercicio sexan preto de

400 as entidades que se verán beneficiadas por esta iniciativa, a maior parte delas de carácter social.

Todos estes órganos, organismos, entidades ou sociedades poderán, grazas a esta orde, contratar a uns 1.200 traballadores desempregados e a uns 200 axentes de emprego e unidades de apoio, como principais activos na implantación de políticas activas de emprego da Xunta.

Os beneficiarios realizarán labores de obras ou servizos de interese xeral e social, mentres que os axentes de emprego colaborarán na implantación de políticas activas de emprego e desenvolverán funcións relacionadas coa dinamización e coa creación de actividade empresarial.

En concreto, nesta edición primárase –no caso da contratación de desempregados– os servizos de carácter social, relacionados coas persoas con discapacidade, os maiores, a infancia, a familia e as persoas en risco de exclusión social; sen esquecer os de carácter empresarial, cultural, deportivo, de tempo libre e para a xuventude.

O obxectivo desta orde é mellorar a empregabilidade dos seus beneficiarios a través dun contrato laboral, proporcionándolles a experiencia e práctica profesional necesaria para facilitar a súa posterior inserción laboral. De feito, nesta convocatoria porase especial énfase, no que se refire aos criterios de selección, en primar aqueles proxectos que acrediten un maior nivel de inserción laboral.

Ademais do fomento da empregabilidade, esta iniciativa serve tamén para favorecer o desenvolvemento de zonas máis deprimidas, e para prestar atención a colectivos específicos con especiais dificultades de inserción, tales como mulleres, menores de 30 anos, persoas con discapacidade, parados de longa duración, maiores de 45 anos ou persoas en risco de exclusión social.

É preciso salientar que na orde deste ano, co fin de garantir que todos os desempregados galegos poidan contar con oportunidades a través destes programas de cooperación, establécese que aquelas persoas que foran contratadas na edición anterior por un período superior a 6 meses non poderán ser contratados de novo con cargo a estas axudas.

Os traballadores e traballadoras que se contraten deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia que estean dispoñibles para o emprego, agás no caso dos axentes de emprego, que unicamente deberán figurar como demandantes de emprego, sen que deban ser necesariamente desempregados.

Nesta orde inclúense tamén os axentes de emprego subvencionados ás tres universidades galegas para formar parte dos "Servizos de apoio ao emprendemento e ao emprego" (SAEE), que perseguen que os estudantes contemplan o emprendemento como unha alternativa desde o inicio da súa vida activa.

INFORME DO PARO REXISTRADO

Santiago, 6 de abril de 2010.- Galicia pechou o mes de marzo cun total de 236.449 persoas en situación de desemprego, o que supón un aumento do paro rexistrado de 2.278 persoas con respecto ao mes anterior. En termos relativos, este incremento cífrase nun 0,97% por cento.

Así o explicou a directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, quen valorou en rolda de prensa os datos do paro rexistrado correspondentes ao mes de marzo. A representante do departamento autonómico destacou que as "cifras non son boas", pero explicou que se vén rexistrando "unha contención do incremento do paro" con respecto ao mesmo período do ano anterior. En concreto, este aumento en 2009 foi de 4.914 persoas, fronte ás 2.278 persoas deste mes de marzo, polo que a subida do paro reduciuse á metade.

Neste sentido, Díaz López salientou que no primeiro trimestre deste ano o incremento do desemprego reduciuse nun 63 por cento en comparación co mesmo período de 2009. Ademais, fixo fincapé en que o 80 por cento do emprego destruído neste mes foi de carácter temporal.

En termos interanuais, Galicia sitúase como a cuarta comunidade onde menos aumentou o de-

semprego.

A representante do departamento autonómico salientou tamén que case a metade do incremento rexistrado en marzo (1.030 persoas) se corresponde co colectivo sen emprego anterior, polo que este dato "non supón unha destrución de emprego propiamente", xa que estas persoas non formaban previamente parte do mercado laboral. De feito, o colectivo sen emprego anterior é o sector onde máis incidencia tivo o paro rexistrado, cun aumento do 4,21% con respecto a febreiro.

Con respecto aos datos desagregados, a directora xeral apuntou en canto ao sexo das persoas desempregadas que houbo un incremento de 1.132 mulleres e 1.146 homes. No que se refire á idade dos desempregados, o paro aumentou nos menores e maiores de 25 anos. O maior incremento produciuse nos homes maiores de 25 anos con 996 parados máis.

En canto aos sectores, o paro subiu en todos eles, agás na agricultura e na pesca cunha diferenza con respecto ao mes anterior dun -1,88%. Ademais, a directora xeral de Formación e Colocación destacou que en febreiro, en comparación con xaneiro, tamén houbo un descenso de persoas desempregadas neste sector.

O segundo colectivo onde máis aumentou o paro (despois do sector sen emprego anterior) foi no da industria cun total de 36.573 persoas desempregadas, un 1,39% máis que en febreiro, seguido do sector da construción onde se rexistraron 38.281 parados, un 1,13% máis que no mes anterior. O aumento máis lixeiro tivo lugar nos servizos cun incremento do 0,34%.



Por provincias, a directora xeral de Formación e Colocación apuntou que o número de desempregados aumentou nos catro territorios, producíndose o maior incremento en Pontevedra con 1.399 parados máis.

No que se refire aos contratos rexistrados, en Galicia rexistráronse un total de 51.945 contratos, 6.656 máis que no mes anterior. Deste total, 5.604 foron indefinidos (10,79 por cento) e 46.341 foron temporais (89,21 por cento). Polo tanto, a porcentaxe de contratos indefinidos segue sendo superior á media estatal, que se sitúa no 9,92 por cento.

Por outra banda, Díaz López recordou que xa se están a debater no marco do diálogo social os plans de emprego xuvenil e feminino para incidir no paro de dous dos colectivos máis afectados pola crise. Estes dous plans inscribíense no Plan autonómico de emprego 2010-2013.

Evolución do paro:

— 2006 — 2007 — 2008 — 2009 — 2010

VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO GALICIA
(Mes en curso - igual mes do ano anterior)

Estatísticas mensuais

SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

A Xunta pon en marcha un Plan de Prevención de Riscos Laborais en Parques Empresariais que beneficiará a uns 60.000 traballadores

- ▶ A directora xeral do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, Adela Quinzá-Torroja, presentou este plan xunto co director xeral de Emerxencias e Interior, Santiago Villanueva, e o presidente da FEGAPE, Luis Fernández
- ▶ Este programa abordará a prevención de riscos laborais, a nivel de parque empresarial e de cada empresa individualmente, así como a xestión das emerxencias nestes emplacementsos.

Santiago, 10 de marzo de 2010.- A Xunta de Galicia vén de poñer en marcha un plan de prevención de riscos laborais e de xestión de emerxencias destinado aos parques empresariais galegos. En concreto, esta iniciativa beneficiará a unhas 6.000 empresas que contan cun total de 60.000 traballadores.

A directora xeral do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) –dependente da Consellería de Traballo e Benestar-, Adela Quinzá-Torroja, presentou este plan acompañada polo director xeral de Emerxencias e Interior, Santiago Villanueva, e o presidente da Federación Galega de Parques Empresariais (FEGAPE), Luis Fernández.

Quinzá-Torroja fixo fincapé na relevancia deste plan, polo número de parques beneficiados –un total de 27 nos que hai asociacións afiliadas á FEGAPE- e porque na iniciativa conflúen dos eidos interrelacionados: a prevención de riscos laborais e a xestión de emerxencias.

Precisamente, para afondar e dar un tratamento específico a este último punto, o ISSGA contou co asesoramento técnico e a axuda para o deseño de accións prestado pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, dependente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A responsable do ISSGA explicou que a necesidade deste plan deriva-se das “connotacións específicas” que xorden nestas agrupacións empresariais en parques, en canto á posible incidencia mutua que poden ter os sinistros laborais dado que as empresas comparten un mesmo espazo, “e moi especialmente en casos de xestión de emerxencias”.

A responsable do ISSGA explicou que a necesidade deste plan deriva-se das “connotacións específicas” que xorden nestas agrupacións empresariais en parques, en canto á posible incidencia mutua que poden ter os sinistros laborais dado que as empresas comparten un mesmo espazo, “e moi especialmente en casos de xestión de emerxencias”.

Galicia rexistrou en febreiro un total de 3.080 accidentes laborais con baixa en xornada laboral

Santiago, 27 de marzo de 2010.- Durante o mes de febreiro, rexistráronse en Galicia un total de 3.080 accidentes con baixa en xornada laboral, dos que a grande maioría (3.017) foron leves, 56 foron de carácter grave e 7 mortais. Do total de accidentes, 2.334 corresponderon a homes e 746 a mulleres.

Con respecto a febreiro do ano pasado, os accidentes leves aumentaron ao pasar de 2.844 no mesmo mes do exercicio anterior aos 3.017 deste ano. No que se refire aos accidentes graves, houbo un incremento dos 51 en febreiro de 2009 aos 56 o pasado mes. Finalmente, no que respecta aos mortais en xornada laboral, en febreiro de 2010 rexistráronse 7 fronte aos catro de 2009.

Segundo a segregación por sectores, na construción non houbo variación no número total de accidentes en relación co mesmo mes do ano pasado. O incremento no sector servizos foi do 1,50%, ao pasar dos 1.269 accidentes de febreiro de 2009 aos 1.288 de febreiro

deste ano. De feito, o maior incremento porcentual da sinistralidade neste mes de febreiro foi na pesca, xa que se pasou dos 86 accidentes do ano pasado aos 109 do 2010, o que supón unha suba do 26,74%; seguido da agricultura (22,33 %) e da industria (14,46%)..

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, é necesario facer unha comparación entre os datos dos accidentes en relación co número dos traballadores coas continxencias de accidente cubertas –isto é, o índice de incidencia- e tamén dos accidentes acumulados ao longo do ano.

Tendo en conta a variación do índice de incidencia por sectores no total dos accidentes de Galicia, a maior variación no mes de febreiro rexistrouse na agricultura. O seguinte sector en canto ao incremento da sinistralidade foi a pesca. Pola contra, a menor variación do índice de incidencia detectouse no sector servizos.

Accidentes acumulados

Do total dos accidentes en xornada laboral acumulados neste ano, ata o mes de febreiro, 5.936 foron leves, 97 foron de carácter grave, e 12 foron accidentes mortais.

Así, con respecto ao mesmo período do ano pasado, houbo un incremento dos accidentes leves do 13,11%, e dos graves dun 11,49%. Fronte a isto, os sinistros mortais en xornada laboral diminuíron dos 16 de xaneiro e febreiro de 2009 ata os 12 entre xaneiro e febreiro de 2010, o que supón unha diminución do 25%.



Estatísticas mensuais

As empresas galegas xa poden optar ao distintivo de excelencia empresarial en igualdade entre homes e mulleres

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou esta marca de igualdade en materia de xénero
- ▶ Trátase dun recoñecemento explícito da Xunta ás empresas que destaquen na aplicación de políticas de igualdade
- ▶ Aqueles negocios que cumpran os requisitos para obter o distintivo acadarán distintos beneficios, como axudas económicas para formación ou para a adopción de medidas de conciliación.

A Coruña, 5 de marzo de 2010.- As empresas galegas poderán optar, a partir de agora, á Marca de excelencia en igualdade, que outorgará a Consellería de Traballo e Benestar, sempre que cumpran os requisitos para equiparar as condicións laborais de homes e mulleres. Esta iniciativa vén a dar cumprimento á Lei de traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou na Coruña este distintivo, que enmarcou nas celebracións do Día Internacional da Muller. A marca "está aberta ás empresas implantadas en Galicia que teñan a igualdade de oportunidades como un eixo, non só básico, senón prioritario", aseverou.

Mato explicou que este "ambicioso distintivo" supón un "recoñecemento explícito da Xunta ás empresas que destaquen na aplicación de políticas de igualdade laboral en materia de xénero" e servirá, tamén, a modo de "estímulo". Polo tanto, este selo constituirá unha ferramenta para "afondar no desenvolvemento do principio de equidade no ámbito empresarial, na economía e na sociedade galega" co fin de "avanzar positivamente na consecución da igualdade real entre homes e mulleres".

Precisamente neste sentido, a titular do departamento autonómico lamentou que aínda "existen moitos obstáculos" que dificultan a plena igualdade, e sinalou que "todos os informes coinciden en que o acceso ao emprego é máis problemático entre as mulleres". Nesta mesma liña, fixo referencia a outras desigualdades tales como un

índice de desemprego feminino máis elevado, a existencia de máis paradas que parados de longa duración, as desigualdades remunerativas ou a dificultade de acceso a postos de responsabilidade.

Por iso, fixo fincapé no esforzo que está a realizar o Goberno galego para promover a igualdade e manifestou o seu firme compromiso por continuar neste camiño.

Así, entre as distintas actuacións a levar a cabo polo Goberno, explicou o que suporá o distintivo de igualdade nas empresas.

Mato detallou os requisitos que os negocios deben cumprir para obter esta distinción, entre os que destacou que exista unha representación adecuada de mulleres en todas as categorías profesionais (incluíndo o persoal directivo); as garantías efectivas de igualdade de retribución dos homes e das mulleres, así como a garantía e mellora no eido da conciliación da vida laboral e familiar.

A estes requisitos, hai que sumar a implantación de medidas de prevención e sanción adecuadas do acoso sexual e moral por razón de xénero; a publicidade non sexista dos produtos e servizos da empresa; o establecemento de mecanismos que garantan a prevención de riscos nas mulleres e a calidade e a transparencia da información relativa á aplicación das medidas implantadas na empresa á representación dos traballadores.

Todos estes parámetros, proseguíu Mato, terán unha puntuación regulada por un baremo, e haberá que obter unha cualificación global mínima de 50 puntos para a concesión da marca de igualdade.

Así, as empresas deberán acreditar mediante xustificación todos estes requisitos e, posteriormente, levarase a cabo unha comprobación "in situ" das informacións facilitadas antes da concesión do distintivo.

Beneficios

De cumprir os parámetros e obter a excelencia, as empresas terán unha serie de beneficios por ser promotoras e impulsoras da igualdade, explicou a conselleira de Traballo.

Entre estes beneficios, destacou as axudas económicas para a asistencia dos mandos intermedios ou persoal directivo a cursos de formación sobre igualdade; as axudas para a adopción de medidas de conciliación ou a preferencia na adxudicación nos contratos da comunidade autónoma, sempre que as ofertas igualem nos seus termos ás máis vantaxosas.

Ademais, terán dereito a axudas para a contratación por tempo indefinido dun axente de igualdade; subvencións nas cotizacións sociais por accidentes de traballo e enfermidades profesionais a cargo da empresa; a posibilidade de acordos preferenciais con entidades que pretendan desenvolver accións formativas, ou a preferencia na concesión de axudas aos centros privados para impartir accións formativas e de formación de demanda.



Máis de 3.300 maiores poderán participar no programa de turismo social da Xunta que incrementa en 500 o número de prazas



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou as novidades da iniciativa entre as que destacou a reserva de 100 prazas para persoas con discapacidade na modalidade de turismo termal
- ▶ O departamento autonómico destina este ano 260 prazas para asociacións de maiores que estean interesados en conmemorar o Ano Santo Xacobeo e retoma a modalidade de turismo de praia con 240
- ▶ O Goberno galego incrementa ata un 50% a súa achega para financiar o custo das prazas da opción "só tratamento termal" dentro desta modalidade.

Santiago, 17 de marzo de 2010.- A Conselleira de Traballo e Benestar oferta este ano no seu Programa de turismo social 3.389 prazas, 500 máis que en 2009. Así, o investimento ascenderá a máis de 1.250.000 euros. Un total de 2.689 prazas corresponden á modalidade de turismo termal, 240 van destinadas ao de praia, unha opción que se retoma este ano, 200 a turismo de intercambio con Portugal e 260 para persoas de asociacións de maiores da nosa ou doutras comunidades autónomas do Estado que estean interesadas en conmemorar o Ano Xanto xacobeo. O prazo de presentación de solicitudes rematará o próximo 10 de abril.

A titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, presentou as novidades da iniciativa entre as que destacou a reserva, por primeira vez, na modalidade de turismo termal de 100 prazas

para persoas con discapacidade (50 no balneario de Cuntis e as restantes 50 no de Arnoia).

A estadia para estas persoas será de catro días e serán as federacións e asociacións do colectivo de discapacitados as que xestionen o programa. A achega do usuario por quenda será de 62 euros, sendo por conta das asociacións e federacións a organización e financiamento do traslado desde o domicilio ou centro ata o balneario ou viceversa, así como o dos monitores que acompañen a cada grupo.

Outra das novidades que resaltou Mato foi a oferta de 260 prazas para membros de asociacións de maiores que estean interesadas en conmemorar o Ano Santo Xacobeo. A Xunta porá a disposición dos membros de colectivos de Galicia un total de 20 prazas na residencia de tempo libre de O Carballiño, mentres que

reservará 240 para agrupacións do resto do país na residencia de tempo libre de Panxón.

Os participantes nesta modalidade do programa de turismo social terán a oportunidade de pasar 8 días en Galicia con aloxamento en cuartos compartidos e réxime de pensión completa. Así mesmo, poderán gozar de actividades de animación sociocultural, de dúas excursións de media xornada e dun día completo en Santiago. Os colectivos só se farán cargo da organización e pagamento do transporte desde o seu domicilio ata a residencia e viceversa.

Ademais destas dúas novas iniciativas, o programa de turismo social seguirá a apostar pola consolidación da modalidade de turismo termal na que xa participan un total de 17 balnearios de toda Galicia.

"É un programa con moi boa acollida e que xa está instaurado entre os nosos maiores porque a través del a Xunta facilita a aqueles con menos recursos a posibilidade de gozar duns días de vacacións e descanso en lugares de interese cultural, turístico ou termal de Galicia e de Portugal", explicou a conselleira de Traballo e Benestar.

Benestar paga os atrasos de 8.857 dependentes a través dunha inxección adicional de 67 millóns de euros



A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, realizou , en rolda de prensa, un balance sobre a inxección especial de pago de atrasos

Santiago, 8 de marzo de 2010.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, informou que un total de 8.857 dependentes galegos recibiron o pago dos seus atrasos grazas a unha inxección económica adicional de 67 millóns de euros. Todos os beneficiarios irán entrando paulatinamente no sistema de atención.

Así o explicou en rolda de prensa a titular do departamento autonómico, quen realizou un balance do pago destes atrasos, ao tempo que expuxo as próximas liñas de actuación, a curto e medio prazo, en materia de dependencia.

Durante a súa intervención, Mato, que estivo acompañada da directora xeral de Dependencia, Coro Piñeiro, fixo fincapé no "importante esforzo orzamentario, de xestión e de traballo" que supuxo o investimento deste orzamento, que se executou entre os meses de xaneiro e de febreiro co fin de que os galegos e galegas "reciban os atrasos das prestacións que agardaban desde había tempo".

En concreto, con este investimento cubríronse prestacións económicas vinculadas ás libranzas do coidador, un total de 8.123, e as libranzas vinculadas ao servizo, 734.

A conselleira insistiu, ademais de no esforzo orzamentario –que se suma aos 27,7 millóns adicionais destinados á dependencia dentro do Plan de Choque- no importante traballo de xestión que supuxo este proxecto. "Tramitar máis de 8.800 expedientes non é nada doado", asegurou.

Neste sentido, incidiu en que o departamento autonómico reforzou o seu cadro de persoal con 60 persoas (40 a través da cobertura de vacantes e 20 de interinos). Pero ademais, quixo facer unha especial mención ao traballo do persoal de Dependencia, tanto nos servizos centrais como nos departamentos territoriais. "Crédeme se vos digo que sen ese traballo, que se estendeu en tardes e fines de semana, ter estes resultados agora non sería posible", dixo a conselleira.

Ademais, para establecer a magnitude do traballo, puxo en comparación a tramitación destes 8.800 expedientes nun mes, co total de persoas que había atendidas a decembro de 2008 (8.700) logo de dous anos de xestión, polo que "en dous anos, fíxose caso o mesmo que nós nun mes".

No que se refire concretamente á xestión

orzamentaria, "nun só mes xestionamos o 45 por cento máis do orzamento que estaba consignado polo bipartito para libranzas de coidador en todo 2009, que ascendía a 46 millóns de euros." Fronte a esta cifra, estase a falar de que este Goberno galego inxectou dúas achegas excepcionais, unha de 27,7 millóns de euros no verán, e a que se acaba de realizar de 67, co que o incremento económico que fixo a Administración galega ascendeu a case 100 millóns de euros.

Nova aplicación informática

Con todo, a conselleira quixo deixar claro que a atención á dependencia non se limita só ao curto prazo, "senón que require tamén dun traballo máis a medio prazo que tamén estamos acometendo. É dicir, estamos actuando en todas e cada unha das fronteas para mellorar, en definitiva, o noso sistema de benestar".

A este respecto, adiantou que ao longo do mes de marzo se porá en marcha unha nova aplicación informática, que se implementará de forma paulatina para evitar ralentizar a tramitación. Unha das novidades desta nova aplicación, indicou a conselleira, é que o procedemento estará unificado desde o seu inicio ata o final. Ata o de agora, existía unha aplicación ata a metade do proceso, e outra para a segunda fase do mesmo.

A posta en marcha desta aplicación non se limitará a poñela en funcionamento, senón que unha vez implantada, se mellorará de forma continua. En concreto, un destes avances será a habilitación dun acceso para os concellos co fin de que os traballadores sociais municipais dispoñan de datos dos expedientes para poder así resolver mellor as dúbidas aos usuarios.

Para este mesmo colectivo, para os servizos sociais dos municipios, tamén vai en parte destinada a ferramenta informática do rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais, que a Consellería xa presentou nas catro provincias. Esta aplicación permitirá aos traballadores sociais coñecer todos os recursos sociais e a súa ocupación "a efectos de orientar aos solicitantes desde o inicio".

Asinados os convenios de colaboración cos 18 concellos que forman parte do Programa Voluntariado Xacobeo 2010



Santiago, 29 de marzo de 2010.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, asinou os convenios de colaboración cos 18 concellos que forman parte do Programa Voluntariado Xacobeo 2010, unha iniciativa que desenvolven conxuntamente as consellerías de Traballo e Benestar e de Cultura e Turismo e que se porá en marcha esta Semana Santa e nos meses de verán ao ser as temporadas nas que se prevé unha chegada máis forte de peregrinos. En representación de Cultura e Turismo acudiu o director xerente da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Ignacio Santos,

En concreto, a sinatura tivo lugar coas corporacións locais de Triacastela, Sarria, Portomarín, Palas de Rei, Melide, Arzúa e O Pino (en representación do Camiño francés); Tui e A Guarda, do Camiño portugués; Padrón pola Ruta de Arousa; Laza, Xunqueira de Ambía e Lalín pola Vía da Prata; Ribadeo e Vilalba do Camiño do norte; Mesía, do Camiño inglés; e, por último, Negreira e Fisterra, que serán os representantes do seu Camiño. Desta forma, o Programa Voluntariado Xacobeo 2010 terá presenza nos nove Camiños de Santiago.

Mato resaltou que os convenios asinados hoxe, polos que os concellos poderán recibir ata 8.000 euros, "posibilitan organizar e aproveitar mellor a colaboración dos voluntarios galegos no desenvolvemento do Ano Santo". Ao respecto, explicou que un dos obxectivos do programa é promover os valores sociais asociados ao voluntariado e establecer unha rede de voluntariado dos camiños "para poñer de manifesto o espírito solidario que caracteriza aos galegos e galegas, acollendo e orientado aos milleiros de peregrinos que nos visitan", subliñou.

A conselleira, ademais, destacou que o com-

promiso acadado hoxe cos concellos "é unha oportunidade para afianzar a relación da Xunta coas corporacións locais e para que estes animen os seus veciños a participar".

Pola súa banda, o director xerente da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Ignacio Santos, agradeceu aos alcaldes a súa participación e sinalou que o Programa de Voluntarios do Xacobeo 2010 "permitirá amosar aos peregrinos o mellor de Galicia" e lograr que "teñan á súa disposición toda a información necesaria no seu percorrido".

Asemade, Ignacio Santos destacou a importancia que ten para Xacobeo 2010 "acoller como se merece a cada un dos cidadáns de calquera parte do mundo que cheguen a Galicia con motivo deste ano tan especial e único", que, subliñou, "non se volverá a repetir en once anos".

O convenio

O Programa Voluntariado Xacobeo 2010 está aberto a todos os voluntarios e voluntarias que desexen ofrecer o seu tempo e axuda aos peregrinos e participar, desta maneira, dos importantes valores que transmite o Ano Santo. Na actualidade e ata o próximo día 7 estará aberto o prazo de inscrición para o segundo curso de voluntariado que se desenvolverá entre o 12 de abril e o 3 de maio.

Os requisitos para participar como voluntario na iniciativa conxunta de Traballo e Benestar e Cultura e Turismo é ser maior de idade e coñecer as zonas de traballo do programa, xa que o voluntariado local adquirirá unha especial relevancia.

A sinatura dos convenios permitirá aos diferentes concellos nomear a un coordinador que terá a función de informar e dar publicidade ao programa; captar e coordinar os voluntarios locais e non

locais; e servir de enlace permanentemente tanto con Protección Civil e outras autoridades como coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Pola súa banda, a Consellería de Traballo e Benestar encargárase da coordinación global do programa, da formación e distribución dos voluntarios e da acreditación do seu labor.

Ademais, cada concello percibirá unha achega económica de ata un máximo de oito mil euros para contribuír ao custo das tarefas de coordinación e mantemento que deben levar a cabo.

Modalidades do programa

En canto ao programa, son varias as modalidades de servizo que os voluntarios poden prestar ao abeiro da iniciativa.

En primeiro lugar, estarán nos puntos fixos de información que se situaron onde se considerou máis necesaria a información sobre actividades, visitas e servizos. Así, entre outros emprazamentos, destacan Santiago e Lugo, e ademais haberá puntos en todos os albergues ou oficinas de información xuvenil dos concellos colaboradores.

A segunda modalidade é a de información móbil ao pé do Camiño. Os voluntarios distribuiranse en parellas, que patrullarán por etapas dos diferentes camiños. En terceiro lugar, o programa inclúe o voluntariado de acompañamento, pensado para axudar na coordinación e guía dos grupos organizados que así o soliciten.

Por último, porase en marcha o voluntariado da sabedoría para que as persoas maiores das localidades polas que pasa a Ruta Xacobeá sexan os claros protagonistas para transmitir as súas experiencias en torno ao Camiño.

A XI edición de Xuventude Galicia Net pecha as súas portas cunha alta participación na programación aberta ao público

Xuventude Galicia Net, o maior encontro tecnolóxico da Comunidade autónoma, tivo lugar no Pazo de Congressos e Exposicións de Santiago.

Na clausura oficial entregáronse un centenar de premios, na que o director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, salientou a alta participación nesta undécima edición, pola que pasaron preto de 5.000 persoas.

Así, Rodeiro lembrou que ademais dos 1.600 mozos e mozas que se instaláron durante case tres días en Santiago, XGN estivo aberta ás máis de mil persoas que o sábado asistiron á proxección de "Pinocho 3000", a nova película de animación de Filmmax, así como aos centos de persoas que cada xornada pasaron pola extranet e polos obradoiros e charlas que se desenvolveron entre o venres e o sábado.

Tamén o campo de paintball contou cunha gran acollida neste primeiro ano da súa instalación, e organizou ao redor de 600 partidas para que tanto os visitantes como os usuarios da LANparty (Local Area Network Party) puidesen xogar.

Os obradoiros, primeira edición na que se abrían ao público xeral, resultaron un éxito. Ao redor de mil persoas asistiron ás trinta charlas e talleres que tiveron lugar durante os dous primeiros días do evento.

De feito, e dada a cantidade de xente interesada, foi necesaria a repetición dos talleres máis concorridos para que todos os interesados puidesen

participar neles. Entre os máis demandados destacaron os obradoiros de fotografía dixital, cómic ou o de virtualización.

Como gran novidade con respecto aos campións de videoxogos, nesta undécima edición retransmitíuse por primeira vez a final do torneo Counter Strike 1.6 nunha pantalla de 15 metros. Este feito é sinalado, posto que salvo outra LANparty máis en España, a Xuventude Galicia Net é a única que ten realizado isto. Tamén se retransmitiu a gran final da Electronic Sport League (ESL), que se xoga durante todo o ano e, desde Xuventude

Galicia Net contactouse con eles para retransmitir por internet esta gran final.

Tamén á extranet se achegaron cada día centos de persoas para participar de balde nas distintas actividades que se realizaron no exterior do Pazo de Congressos, nunha carpa cuberta de 600 metros cadrados.

Aquí, nenos e nenas e tamén maiores gozaron de partidas de fútbolín, toro mecánico, obradoiros de globoflexia, de defensa persoal e de esgrima antiga europea.



O presidente da Xunta durante a súa visita a Xuventude Galicia Net

A Xunta pon a disposición da mocidade galega arredor de 9.000 prazas para os campamentos e actividades de verán

A mocidade galega disporá durante este verán de arredor de 9.000 prazas nun total de 26 instalacións xuvenís, nas que poderán participar en numerosas actividades de lecer e tempo libre, tales como multiaventura, deporte ou animación sociocultural.

O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, presentou en rolda de prensa a campaña "Acción de Verán 2010", que conta cun investimento "nos nosos mozos e mozas" de 3,5 millóns de euros, e que "creará tamén de 1.100 postos

de traballo". "Apoiamos o lecer e a formación da nosa xuventude, e ao tempo xeramos riqueza", incidiu o responsable desta área autonómica.

As actividades desenvolveranse ao longo de todo o territorio galego, e ademais incluírán intercambios con outras comunidades e tamén de carácter internacional. O prazo de inscrición ábrese o día seguinte a publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG nº 45, do 8.03.2010 e corrección de erros no DOG nº 55, do 23.03.2010).



BENESTAR

A Xunta pide ao Goberno central a revisión dos criterios de reparto dos programas sociais

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, amosou hoxe o malestar do seu departamento polo reparto feito polo Ministerio de Sanidade e Asuntos Sociais en materia de servizos sociais. Neste sentido a titular de Benestar destacou a necesidade de revisar o reparto dos fondos porque a "realidade é que a achega do Estado se ven conxelando desde 2006."

Por iso, desde a Xunta expresouse a disconformidade da comunidade galega polo recorte de fondos cada ano en políticas sociais, sobre todo en apartados como o plan concertado, o programa de desenvolvemento xitano e os proxectos relacionados coa discapacidade

A titular de Benestar, subliñou, en declaracións aos medios, que "non son os momentos nos que o Goberno do Estado debe conxelar, senón todo o contrario, debe apostar por cubrir sobre todo os que máis o precisan e os que máis están a sufrir a crise, que son estes sectores, estes colectivos, os máis febles ante a situación que estamos vivindo".

